REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Día: 20.06.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 20 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Pregunta

1.1 48587 (10/POC-007713)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa demanda de vivenda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 46641 (10/PNC-003749)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peles de raposo interceptadas nun control da Garda Civil o 19 de febreiro en Ferrol e cos raposos abatidos nos campionatos de caza levados a cabo en Galicia nos meses de xaneiro e febreiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019

2.2 48153 (10/PNC-003894)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a incidencia que está a ter para as persoas usuarias da estrada OU-636, entre A Pobra de Trives e Freixido, a desaparición, co novo pintado, das zonas de adiantamento que había nas rectas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019

2.3 48170 (10/PNC-003897)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a redacción e aprobación polo Goberno galego dos plans de conservación ou recuperación das aves e demais especies vulnerables ou en perigo de extinción

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019

2.4 48355 (10/PNC-003914)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a implantación polo Goberno galego dun modelo de xestión de residuos que aplique o principio de proximidade no territorio, poñendo en funcionamento antes do remate da X lexislatura as plantas de xestión de lixo orgánico previstas no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019

2.5 49864 (10/PNC-004038)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación co estudo técnico referido á viabilidade da execución dunha nova conexión desde a autovía da Costa da Morte ata o parque empresarial de Vimianzo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 479, do 22.05.2019

2.6 50304 (10/PNC-004071)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a aprobación pola Xunta de Galicia do proxecto de circunvalación de Carballo no segundo semestre de 2019, co fin de iniciar as obras no ano 2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 483, do 05.06.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019

PARLAMENTO
DE GALICIA

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz	P

Vicepresidenta

Marta Nóvoa Iglesias	P

Secretario

Antón Sánchez García	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 20.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Pregunta

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 20.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 48587(10/POC-007713)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa demanda de vivenda

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2019 13:10:52
Nº Rexistro: 48587
Data envio: 03/04/2019 13:10:52.546

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e **Patricia Vilán Lorenzo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os datos recollidos polo Ministerio de Fomento respecto da construción de vivenda protexida entre os anos 2011 e 2018 constatan que a construción de vivenda pública practicamente iguala nos últimos oito anos á de todo o 2007.

E neste cómputo inclúense tanto as vivendas promovidas polo sector privado como polo sector público.

Nos últimos cinco anos só se teñen edificado ou rehabilitado 203 vivendas, é soamente 20 nos dous últimos, o que fala ben da tendencia ó nulo impulso de ámbolos dous sectores, público e privado.

A Xunta de Galicia, en declaracións da propia conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda está neste momento executando a construción de 121 vivendas novas e asumindo a rehabilitación de 91 vivendas, isto é un total de 212 vivendas en toda Galicia, pero das que non se coñece nin a fase de execución, nin a data de finalización prevista, nin as condicións coas que serán postas a disposición da cidadanía.

Polo tanto, seguimos falando de vivendas en tramitación para este ano, pero coñecemos pouco dos resultados anuais reais comprometidos.

O Rexistro Único de Demandantes de vivenda a día de hoxe rexistra un total de 13.460. No mellor dos casos, no que os proxectos en marcha da consellería se rematasen neste ano, non se conseguiría cubrir máis que o 1,57 % da demanda.
Chama a atención tamén como a pesar da alta demanda de vivenda en concellos de toda Galicia, con 20 deles por riba dos 50 demandantes, se teñan elixido concellos de demanda case nula para a construción de novas vivendas. Algo que choca co fin último do Rexistro de Demandantes, é o de servir de guía para o deseño máis equilibrado das políticas de vivenda da nosa comunidade.

CSV: CIbu84GEz1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2019 13:10:52
Nº Rexistro: 48587
Data envio: 03/04/2019 13:10:52.546

É máis, na posta en marcha das medidas, a provincia de Ourense, coa menor das demandas das catro provincias sae beneficiada proporcionalmente en detrimento da oferta no resto das tres provincias.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o valor que a consellería está a outorgar ó Rexistro Único de Demandantes de Vivenda?
2. Que ten provocado que nas políticas de vivenda dos últimos anos non se teña atendido nin unha soa das demandas de polo menos 16 concellos de toda Galicia con peticións por riba de máis de 50 demandantes?
3. Cal é a inversión media do custe total medio empregado para a construción de vivendas novas? Cal o custe total medio empregado para a rehabilitación de vivendas? E cal o custe total medio para a construción de vivendas modulares?
4. Cal é o tempo medio empregado para a tramitación e construción dunha vivenda nova de promoción pública?
5. Cal o tempo medio empregado para a tramitación e rehabilitación dunha vivenda de promoción pública?
6. Cal se espera sexa o tempo medio empregado para a tramitación e construción dunha vivenda modular de promoción pública?
7. Cal é a estimación de aumento do parque público de vivenda en Galicia para o ano 2022? Cantas vivendas se prevé contar nese ano?
8. Pensa a Xunta de Galicia acadar para o ano 2022 o obxectivo de duplicidade do parque público de vivenda mantendo o ritmo actual?

Pazo do Parlamento, 02 de abril de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 03/04/2019 13:08:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/04/2019 13:08:37

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: C3ju84GEz1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2019 13:10:52
Nº Rexistro: 48587
Data envio: 03/04/2019 13:10:52.546

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2019 13:08:41

CSV: C3ju84GEz1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 20.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 20.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 46641(10/PNC-003749)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peles de raposo interceptadas nun control da Garda Civil o 19 de febreiro en Ferrol e cos raposos abatidos nos campionatos de caza levados a cabo en Galicia nos meses de xaneiro e febreiro

Publicación da iniciativa, 437, 27.02.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:24:09
Nº Rexistro: 46641
Data envio: 21/02/2019 17:24:09.675

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A intervención de 87 peles de raposo nun control da Garda Civil o pasado 19 de febreiro en Ferrol -da que non transcendeu a súa procedencia e destino- é cando menos un suceso estraño que cando menos debe ser motivo de investigación e esclarecemento por parte das autoridades de medio ambiente da Xunta de Galiza.

Cabe sinalar que a cantidade intervida é un número relativamente importante de peles como para conseguilas dunha maneira lícita e en cumprimento da normativa ambiental e cinexética vixente. Ou ben existe un tráfico ilegal procedente de capturas furtivas, ou ben un mercadeo sen papeis e clandestino con animais cazados de maneira legal.

Polo número de peles intervidas, na Galiza só existen moi poucos actores capaces de dispoñer dese material, nesas cantidades e dun modo relativamente doado: os que gardarían relación cos campionatos de caza do raposo celebrados nos últimos dous meses, dos que as capturas se recollen de xeito centralizado pola organización para o seu suposto posterior estudo.

CSV: UC6WUjO6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:24:09
Nº Rexistro: 46641
Data envio: 21/02/2019 17:24:09.675

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en consideración estes feitos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a abrir unha investigación sobre a orixe e destino das peles de raposo interceptadas o pasado 19 de febreiro para determinar se existe unha trama de tráfico ilegal. Asemade, considerando a proximidade no tempo cos campionatos de caza do raposo, a realizar un estudo sobre o uso e destino dos raposos abatidos nos campionatos de caza celebrados en Galiza nos meses de xaneiro e febreiro."

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: ILUC66NUJO6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:24:09
Nº Rexistro: 46641
Data envio: 21/02/2019 17:24:09.675

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 17:20:58

María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 17:21:04

Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 17:21:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 17:21:06

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 17:21:07

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 17:21:09

CSV: ILUC66NUJO6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 20.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 48153(10/PNC-003894)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a incidencia que está a ter para as persoas usuarias da estrada OU-636, entre A Pobra de Trives e Freixido, a desaparición, co novo pintado, das zonas de adiantamento que había nas rectas

Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2019 18:26:40
Nº Rexistro: 48153
Data envio: 26/03/2019 18:26:40.616

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa dos seu deputado **Davide Rodríguez Estévez, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García** e a través do voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª,** relativa o estado da estrada OU-636, entre a Pobra de Trives e Freixido, da cal é titular a Xunta de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As estradas representan o eixe central do desenvolvemento dos pobos e das súas comunidades.

A seguridade viaria, ten que deixarnos a todas exentas de perigo, dano ou risco, e a Xunta de Galicia ten a responsabilidade nestas estradas de previrnos dos accidentes de tráfico co obxectivo de protexer a vida das persoas.

A estrada é o único medio de comunicación que está presente en todos os lugares e poboacións, polo que ordena a totalidade do territorio. As estradas ofrecen unha función social adicional básica no funcionamento do país, en tanto soporte do transporte colectivo por autobús e demais servizos de transporte público, como o transporte individual.

A seguridade viaria ten que estar ben regulada por sinais de tránsito tanto horizontais como verticais, redución de velocidade ou bo firme para así poder evitar accidentes.

CSV: Aw9gLzw9X3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2019 18:26:40
Nº Rexistro: 48153
Data envio: 26/03/2019 18:26:40.616

Requírense redes de estradas ordenadas e en boas condicións capaces de chegar a todos os lugares, tanto importantes como non tan importantes, a fin de percibir un amplo desenvolvemento viario servindo como temón que impulse cara a unha mellor calidade de vida.

As estradas bríndannos unha oportunidade de traballo para moitas persoas. Para o turismo, o comercio e a industria, o éxito dos seus pequenos e grandes negocios como paradores, depende da distribución dos seus produtos na estrada e da proximidade do consumidor que pode chegar directo ata a súa actividade por estrada.

En síntese, unha estrada é sinónimo de igualdade social debido a que a mesma pode ser usada por todas as clases sociais; é un medio de comunicación que une localidades distantes e reúne familias, amigos, promove o turismo interno dun país, xera impactos sociais positivos creando fontes de empregos polo que contribúe co desenvolvemento económico de comunidades e do país en sentido xeral, entre moitos outros beneficios mencionados anteriormente.

A estrada OU-636 entre a Pobra de Trives e Freixido, da cal é titular a Xunta de Galicia, ten unha distancia de 21´5 km nun trazado de curvas continuas pero que fai uns meses deixaba a opción o adiantamento entre vehículos en rectas con total seguridade para os usuarios da mesma.

Dende fai dous meses, con un pintado novo desta estrada, que fixo a Consellería de Infraestruturas, esta realidade mudou, quitando esas zonas de adiantamento e substituíndo estas por liñas continuas, o que fai que, dende Freixido a Pobra de Trives, atopamos a primeira zona para adiantar ós 12 km, e en total, estas zonas de adiantamento na totalidade do trazado son 3, o que fai, sumado a dificultade da estrada, que se fagan colas de ata 30 coches detrás dun vehículo pesado e con traxectos de máis de 40 min.

CSV: Avs8gLzw9X3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2019 18:26:40
Nº Rexistro: 48153
Data envio: 26/03/2019 18:26:40.616

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todos estes feitos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incluír na obra de mellora do trazado e o deseño da estrada que a Xunta de Galicia ten para esta, o repintado da mesma para que quede na mesma situación que se atopaba antigamente.

Santiago de Compostela, a 26 de marzo de 2019

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 26/03/2019 18:24:59

Antón Sánchez García na data 26/03/2019 18:25:06

CSV: Avv8gLzw9X3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2019 18:26:40
Nº Rexistro: 48153
Data envio: 26/03/2019 18:26:40.616

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Marcos Cal Ogando na data 26/03/2019 18:25:14

Luis Villares Naveira na data 26/03/2019 18:25:21

CSV: Avv8gLzw9X3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 20.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 48170(10/PNC-003897)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a redacción e aprobación polo Goberno galego dos plans de conservación ou recuperación das aves e demais especies vulnerables ou en perigo de extinción

Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2019 11:07:52
Nº Rexistro: 48170
Data envio: 27/03/2019 11:07:52.124

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª.**

Exposición de motivos

O 23 de febreiro do presente ano a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, acudiu á Feira Internacional de Ornitoloxía celebrada no Parque Nacional de Monfragüe, en Extremadura. Galicia estivo presente no evento cun stand que promocionaba 100 rutas de turismo ornitolóxico.

Segundo a nota de prensa da Xunta de Galicia, Nava Castro acudiu á feira porque "a Consellería de Cultura e Turismo impulsa dende fai varios anos experiencias como Galicia Birding, que achega as múltiples posibilidades que a nosa Comunidade ofrece para o turismo ornitolóxico e permite coñecer os espazos de alto interese ornitolóxico identificados en Galicia e distribuídos por toda a súa xeografía".

Este interese da Xunta de Galicia polo turismo ornitolóxico non vai acompañado das actuacións precisas para a conservación deste patrimonio natural xa que trinta especies de paxaros vulnerables ou en perigo de extinción carecen aínda dun plan de conservación ou recuperación, malia que, como o propio Goberno recoñece, terían que telo.

Isto pode comprobarse visitando a web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Nela, podemos atopar tres decretos de aprobación de plans

CSV: hBnvMpHDJ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2019 11:07:52
Nº Rexistro: 48170
Data envio: 27/03/2019 11:07:52.124

de conservación ou recuperación de especies ameazadas en Galicia, e un borrador. As especies ameazadas que son obxecto de protección por parte do Goberno galego son a píllara das dunas (charadrius alexandrinus; chortilejo patinegro, en castelán); o sapoconcho común (Emys orbicularis); a escribenta das canaveiras (Emberiza schoeniclus L.subsp. lusitanica Steinbacher); e o oso pardo (Ursus arcyps).

As aves en perigo de extinción ou vulnerables son:

En perigo de extinción:

61. Anas crecca L. (Poboación nidificante)
62. Aquila chrysaetos L.
63. Botaurus stellaris L.
64. Burhinus oedicnemus L.
65. Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitanica Steinbacher
66. Gallinago gallinago L. (Poboación nidificante)
67. Milvus milvus L.
68. Numenius arquata L. (Poboación nidificante)
69. Puffinus mauretanicus Lowe
70. Tetrao urogallus L. subsp. cantabricus Castroviejo
71. Tetrax tetrax L.
72. Uria aalge (Pontoppidan) (Poboación nidificante)
73. Vanellus vanellus L.(Poboación nidificante)

Vulnerables:

167. Bubo bubo L.
168. Charadrius alexandrinus L.
169. Circus cyaneus L.

CSV: hBrwMpHDJ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2019 11:07:52
Nº Rexistro: 48170
Data envio: 27/03/2019 11:07:52.124

GRUPO PARLAMENTAR en marea

170. Circus pygargus L.
171. Haematopus ostralegus L. (Poboación nidificante)
172. Hieraaetus fasciatus Vieillot
173. Himantopus himantopus L.
174. Hydrobates pelagicus L.
175. Ixobrychus minutus L.
176. Luscinia svecica L.
177. Neophron percnopterus L.
178. Perdix perdix L. subsp. hispaniensis Reichenow
179. Phalacrocorax aristotelis L.
180. Rissa tridactyla L.
181. Scolopax rusticola L. (Poboación nidificante)
197. Pandion haliaetus L.
198. Phoenicurus phoenicurus L.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a redactar e aprobar os 30 plans de conservación ou recuperación de aves vulnerables ou en perigo de extinción que terían que estar xa publicados, así como os plans de conservación ou recuperación das restantes especies vulnerables ou en perigo de extinción.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. de En Marea.

CSV: hBrwMpHDJ1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2019 11:07:52
Nº Rexistro: 48170
Data envio: 27/03/2019 11:07:52.124

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 27/03/2019 10:58:59

Antón Sánchez García na data 27/03/2019 10:59:09

CSV: hBrwMpHDJ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 20.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 48355(10/PNC-003914)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a implantación polo Goberno galego dun modelo de xestión de residuos que aplique o principio de proximidade no territorio, poñendo en funcionamento antes do remate da X lexislatura as plantas de xestión de lixo orgánico previstas no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 17:06:00
Nº Rexistro: 48355
Data envio: 29/03/2019 17:06:00.508

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

No último pleno, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda recoñecía que a lexislación de residuos en Galicia está obsoleta, que o anteproxecto de Lei de residuos e solos contaminados vai fomentar a prevención e a reutilización dos residuos e que haberá unha planta para levar os bioresiduos cada 45 quilómetros.

É certo que hai tempo que o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) está desfasado e que ten sido un fracaso:

1. A fracción orgánica dos residuos municipais representa o 42 % do peso total do lixo doméstico en Galicia e, como non se trata de forma axeitada esa fracción orgánica, hai un problema grave no proceso de xestión.
2. A Directiva europea de residuos establece que os municipios deberán reciclar en 2020, a lo menos, o 50 % dos seus residuos, cando a realidade é que, no último informe da Comisión Europea, dise que Galicia non chega nin ao 20 % da reciclaxe dos residuos municipais. Ademais, os concellos de máis de 5000 habitantes deberíanse comprometer a implantar unha recollida selectiva de lixo orgánico antes de finais de 2020 e os de menos de 5000 antes de finais de 2023.
3. Hai que fomentar a recollida separada dos bioresiduos, que ten un fin último, darlle unha nova vida á fracción orgánica obtendo un fertilizante de gran valor, o compost. Mais a realidade é que, das 11 plantas de compostaxe e envases lixeiros distribuídas polo territorio que estaban previstas no PXRUG, só existe unha, que nin sequera está en marcha.

CSV: sHAzNXxmd2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 17:06:00
Nº Rexistro: 48355
Data envio: 29/03/2019 17:06:00.508

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implantar, con urxencia, un modelo de xestión de residuos que aplique o principio de proximidade no territorio, poñendo en funcionamento, antes de que remate a actual lexislatura, as plantas de xestión de lixo orgánico previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia, incluíndo na Lei de orzamentos o financiamento prioritario de actuacións de mellora da recollida selectiva.

Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/03/2019 17:03:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/03/2019 17:03:21

María Luisa Pierres López na data 29/03/2019 17:03:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/03/2019 17:03:31

CSV: sHAzNXxmd2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 20.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.5 49864(10/PNC-004038)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación co estudo técnico referido á viabilidade da execución dunha nova conexión desde a autovía da Costa da Morte ata o parque empresarial de Vimianzo

Publicación da iniciativa, 479, 22.05.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 12:04:07
Nº Rexistro: 49864
Data envio: 13/05/2019 12:04:07.558

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Mª Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López** e **Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de motivos

O pasado día 8 de maio, a Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade anunciaba, a raíz dunha pregunta parlamentaria en Pleno, que a Xunta de Galicia, dando cumprimento ao acordo parlamentario aprobado en sesión plenaria do 7 de marzo de 2017, xa tiña realizado o estudo sobre a viabilidade da posible execución dun futuro ramal de conexión entre a prolongación da autovía da Costa da Morte e o parque empresarial de Vimianzo.

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade confirmaba, na súa resposta, que o resultado da avaliación determina a viabilidade técnica desa posible conexión. E avanzaba que o proxecto de prolongación da autovía da Costa da Morte, no que está a traballar o Goberno galego, deixará previsto o punto de entronque necesario para que o Ministerio de Fomento poida realizar a futura conexión co polígono empresarial de Vimianzo, xa que é deber do Ministerio executar e pagar esta nova vía de conexión desde a autovía ao tratarse este dun parque empresarial dependente do Goberno central, concretamente pertencente a *Suelo Empresarial del Atlántico*, *S.L.*, sociedade participada nun 83,44% polo Ministerio de Fomento.

Pese a ser o Ministerio o responsable de executar e pagar esa nova conexión desde a autovía co polígono de Vimianzo, a conselleira comprometía que o Goberno galego daría todas as facilidades para que en canto se decida facer ese novo viario, Fomento o poida realizar sen ningún tipo de problema. Sinalaba, nesta liña, que a Xunta deixará todo preparado, incluso previstas as expropiacións e o movemento de terras para o

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROhodHfhax9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 12:04:07
Nº Rexistro: 49864
Data envio: 13/05/2019 12:04:07.558

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

entronque na prolongación da autovía desa nova conexión co polígono a executar por Fomento. Así mesmo, manifestaba a vontade da Xunta de, tan pronto se teña aprobado definitivamente o proxecto de prolongación da autovía da Costa da Morte, trasladar ao Ministerio de Fomento o estudo de viabilidade realizado dese novo ramal co polígono.

Desde este Grupo Parlamentario entendemos que esta nova conexión co polígono de Vimianzo podería ter unha incidencia positiva na competitividade e para atraer investimentos cara a este parque empresarial, contribuíndo, por extensión, ao desenvolvemento económico e social de toda a comarca.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Tan pronto teña aprobado definitivamente o proxecto de prolongación da Autovía da Costa da Morte, remitir ao Ministerio de Fomento o estudo técnico que se ten realizado sobre a viabilidade da execución dunha nova conexión desde esta vía de altas prestacións ata o parque empresarial de Vimianzo.

2. Dirixirse ao Ministerio de Fomento para solicitarlle a execución desta nova conexión co polígono de Vimianzo, como é o seu deber e responsabilidade, ao tratarse dun parque empresarial dependente de Suelo Empresarial del Atlántico, sociedade participada nun 83,44% polo Ministerio de Fomento, ao obxecto de incrementar o seu potencial e a súa competitividade".

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROhodhfhax9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 12:04:07
Nº Rexistro: 49864
Data envio: 13/05/2019 12:04:07.558

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Pedro Puy Fraga na data 13/05/2019 12:02:18

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/05/2019 12:02:29

Martín Fernández Prado na data 13/05/2019 12:02:36

Jaime Castiñeira Broz na data 13/05/2019 12:02:45

Jacobo Moreira Ferro na data 13/05/2019 12:02:52

Marta Novoa Iglesias na data 13/05/2019 12:03:00

María Julia Rodriguez Barreira na data 13/05/2019 12:03:10

Gonzalo Trenor López na data 13/05/2019 12:03:17

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/05/2019 12:03:25

CSV: REXISTROhodhfhax9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 20.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.6 50304(10/PNC-004071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a aprobación pola Xunta de Galicia do proxecto de circunvalación de Carballo no segundo semestre de 2019, co fin de iniciar as obras no ano 2020

Publicación da iniciativa, 483, 05.06.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 50304
Data envio: 29/05/2019 14:10:15.453

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O circunvalación de Carballo é unha demanda histórica do concello de Carballo, da comarca de Bergantiños e do tecido social e empresarial da comarca. Trátase dunha infraestrutura vital para mellorar a mobilidade, a conectividade e a competitividade desta área, pois permitiría desviar do casco urbano o tráfico de paso mellorando a calidade de vida e a seguranza viaria, e tamén mellorar a conexión dos parques empresariais de Bértoa e A Laracha.

Despois de máis de 20 anos de proxectos, logo de acordos unánimes da corporación de Carballo, a Xunta de Galiza segue sen acometer a construción desta infraestrutura. Se ben esta obra foi incluída no Plan Move do ano 2010, a realidade é que pasados 9 anos segue sen aprobarse e executarse.

No mes de marzo de 2018 o alcalde de Carballo reuniuse co presidente da Xunta de Galiza para reclamar a aprobación deste proxecto así como outras obras que son demandas históricas deste concello. Pasados máis de 15 meses da reunión, o goberno galego non deu ningún paso adiante para facela realidade.

CSV: REXISTROkro3xKmw69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 50304
Data envio: 29/05/2019 14:10:15.453

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O pasado 18 de maio, nun mitin electoral en Carballo, o presidente da Xunta comunicoulle ao candidato do PP ás municipais que se era alcalde falarían da circunvalación. Mais alá da utilización partidista da presidencia da Xunta que destilan estas palabras, o BNG entende que é o momento de falar da circunvalación e de facelo co alcalde de Carballo elixido pola cidadanía nas urnas o pasado 26 de maio. E sobre todo é o momento de aprobar o proxecto e planificar a súa construción dotando os orzamentos necesarios para facela realidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a aprobar no segundo semestre de 2019 o proxecto da circunvalación de Carballo co obxecto de iniciar as obras no ano 2020."

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTROkro3xKmw69
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 50304
Data envio: 29/05/2019 14:10:15.453

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/05/2019 14:08:52

María Montserrat Prado Cores na data 29/05/2019 14:08:57

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2019 14:08:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/05/2019 14:09:00

Olalla Rodil Fernández na data 29/05/2019 14:09:01

Noa Presas Bergantiños na data 29/05/2019 14:09:03

CSV: REXISTROkro3xKmw69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/